



CONSULTA PÚBLICA PREVIA

PROXECTO DE ORDENANZA MUNICIPAL DE MOBILIDADE DO CONCELLO DA CORUÑA

Consonte co disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e co obxecto de incrementar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración das normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de Ordenanza municipal de Mobilidade do Concello da Coruña, realizarase unha consulta pública a través do portal web municipal do concello e web municipal de Mobilidade, na que se recollerá a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias

En cumprimento do anterior e de acordo co disposto na resolución de data 10 de setembro de 2020 aprobada polo Concelleiro de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Mobilidade, por delegación da Xunta de Goberno Local, e seguindo as instrucións dos procesos participativos municipais, formulase a consulta pública que se contén a continuación.

A cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren, poderán facer chegar as súas opinións e suxestións sobre os aspectos incluídos na consulta, ata o vindeiro día 16 de novembro de 2020 mediante o formulario web accesible neste enlace:

Non será necesario que os remitentes estean identificados. Con carácter xeral, as achegas consideraranse confidenciais e de libre difusión. As partes que se consideren confidenciais deberán ser especificamente sinaladas e delimitadas nos comentarios, motivando as razóns para a dita cualificación.

Moitas grazas pola súa colaboración na procura dunha mobilidade sostible, saudable e inclusiva.

A Coruña, 15 de setembro de 2020

Concellaría de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Mobilidade
Servizo de Mobilidade Urbana



PROXECTO DE ORDENANZA MUNICIPAL DE MOBILIDADE DO CONCELLO DA CORUÑA

ANTECEDENTES DA NORMA

A corporación municipal amosa o seu interese en fomentar na cidade diversas medidas que inflúan de xeito positivo na procura dunha mobilidade sostible e saudable.

O Concello Pleno, na súa sesión do 3 de outubro do 2019, ven de asinar a Declaración da Coruña por unha mobilidade máis sostible, e de asumir como compromiso establecer nos instrumentos de ordenación un reparto equilibrado do espazo urbano destinado á mobilidade motorizada e non motorizada, consonte coas políticas de desenvolvemento sostíbel das cidades, priorizando, na medida do posible, a cidade para o peón, favorecendo os itinerarios continuos, seguros e responsables, e propiciando unha forma de vida máis saudábel e activa, con perspectiva de xénero.

Neste marco, resulta imprescindible a aprobación dunha Ordenanza de Mobilidade que integre e actualice varias ordenanzas municipais, ademais de regular aspectos que ata o de agora non se regularon nunca, e facelo desde o punto de vista do reparto dos espazos públicos entre todos os axentes implicados na mobilidade, dos novos medios de transporte alternativos e dos novos sistemas de transporte como o aluguer de vehículos compartidos e outros.

PROBLEMAS QUE SE PRETENDEN SOLUCIONAR COA NOVA NORMA

A Ordenanza de Mobilidade é o primeiro texto normativo do que se dota o Concello da Coruña que tenta regular nun único documento, aspectos que ata o de agora estaban regulados en diferentes Ordenanzas Municipais, ou que directamente non se regularon nunca. Este labor integrador considérase necesario para definir e establecer o uso do espazo público, priorizando a mobilidade peonil, e o transporte público, garantindo a saúde, a mellora da calidade do aire, a protección do medio ambiente e a accesibilidade universal, así como os dereitos das persoas con mobilidade diversa.

As Ordenanzas existentes nesta materia están obsoletas, xa que desde a súa aprobación producíronse numerosos cambios legislativos e sobre todo sociais; son as seguintes:

- A Ordenanza Municipal de Circulación (publicación da aprobación definitiva o 27 de maio de 2003), cuxo obxecto é regular a circulación nas vías e terreos aptos para a circulación, tanto públicos como privados, dentro do termo municipal da Coruña, con cinco títulos dedicados a: as normas de comportamento na circulación; a sinalización; as autorizacións administrativas; as infraccións e sancións, medidas cautelares e responsabilidades e o procedemento sancionador e os recursos. A Ordenanza de "circulación", como fai referencia o seu nome, refírese fundamentalmente ao automóbil e aos vehículos motorizados privados. Nin sequera regula o transporte público que é obxecto doutra ordenanza municipal.
- A Ordenanza Municipal de Transportes, aprobada o 19 de outubro de 1992, modificada posteriormente, sendo a última modificación do ano 1996, con catro títulos dedicados: ao servizo municipal de Auto-Taxi; ao transporte urbano colectivo de viaxeiros na cidade da Coruña; ao transporte público de viaxeiros de uso especial e do transporte interurbano e ao transporte de mercadorías.



- Ordenanza do Servizo público de Ordenación e Regulación do Aparcamento (ORA), aprobada definitivamente o 12 de xuño de 1998, con sucesivas modificacións, a última publicada o 31 de decembro de 2019. Consta dun Título Preliminar e dous títulos máis dedicados ao funcionamento da ORA e ás infraccións e o procedemento sancionador.

Outras materias que tamén formarían parte do contido da nova Ordenanza municipal de Mobilidade, e que nunca ata o de agora se regularon, son determinados aspectos novos como os vehículos de mobilidade persoal (VMP), os carrís bici ou os transportes de mercadorías, a última milla, etc.

NECESIDADE E OPORTUNIDADE DA APROBACIÓN DA NORMA

A elaboración desta norma obedece á necesidade de resolver os problemas identificados no apartado anterior e complementar o xa disposto nas ditas ordenanzas de carácter sectorial que regulan os diversos aspectos relacionados coa mobilidade no concello.

A nova Ordenanza considérase necesaria para definir e establecer, tal e como xa se dixo, o uso do espazo público, priorizando a mobilidade peonil, e o transporte público, garantindo a saúde, a mellora da calidade do aire, a protección do medio ambiente e a accesibilidade universal, así como os dereitos das persoas con mobilidade diversa.

OBXECTIVOS DA NORMA

O proxecto normativo deberá de ter en conta os obxectivos específicos do Plan de Mobilidade Urbana Sustentable da Coruña, aprobado en 2013, de acordo cos obxectivos xerais para os plans de mobilidade urbana sustentable establecidos de maneira xeral na Lei 2/2011, do 4 de marzo, de Economía Sustentable. Estes obxectivos xerais tradúcense nos seguintes obxectivos específicos para o PMUS da cidade da Coruña:

- Fomento dos modos non motorizados
- Potenciar o transporte público fronte ao automóbil privado
- Uso máis racional do espazo público urbano
- Incidir sobre a conduta de mobilidade dos cidadáns
- Contribuír á planificación sustentable do desenvolvemento urbano

Tamén deberá estar relacionado con moitos dos ODS (obxectivos de desenvolvemento sustentable) da Axenda 2030, como por exemplo co obxectivo estratéxico O.E.5 da Axenda urbana española de favorecer a proximidade e a mobilidade sustentable. Igualmente, a mobilidade sostible é un dos 8 plans temáticos da Estratexia contra o Cambio Climático da Coruña, polo que o proxecto da norma deberá tentar integrar todos estes obxectivos nos seus contidos.

De xeito concreto, a nova Ordenanza deberá integrar todos estes obxectivos na regulación dos novos modos de mobilidade urbana tomando como punto de partida a consideración de que o transporte colectivo (transporte público, Taxi, automóbil compartido), o camiñar e a bicicleta son formas de mobilidade preferentes. Así, a presente ordenanza buscará establecer un marco normativo favorable para o fomento da mobilidade peonil, un dos grandes activos da cidade en clave de mobilidade, para o impulso do transporte colectivo e para a promoción da bicicleta como vehículo preferente.



Estableceráse un marco que permita o desenvolvemento de políticas de calmado e pacificación do tráfico urbano e de políticas de fomento da bicicleta como medio de transporte preferente e funcionalmente integrado con outros modos de mobilidade urbana.

Ademais a Ordenanza redactarase de acordo coa Declaración da Coruña por unha mobilidade máis sustentable aprobada por este concello, cuxo obxectivo fundamental é a implicación de todos os axentes e sectores, públicos e privados, da cidade en favor dunha política de mobilidade sustentable coordinada cun modelo de crecemento urbano que aposte por unha maior cohesión social.

Por último, un dos principios básicos no que se inspira a nova ordenanza é a claridade e sinxeleza, polo que en materia de tráfico regularanse exclusivamente as competencias municipais, quedando o resto de materias ao disposto na Lei e Regulamento de Circulación.

A interacción de todos estes obxectivos cos retos indicados, dan como resultado uns ámbitos específicos e diferenciados de políticas públicas, cuxa regulación, promoción e defensa constitúen o obxecto principal da Ordenanza:

Circulación

Revisión da regulación actual da circulación para adaptala á normativa vixente en materia de tráfico e circulación da DXT e incluír aspectos máis novedosos na circulación nas cidades como son as peonalizacións de vías urbanas para favorecer a mobilidade ciclable e peonil, o deseño e implementación dos carrís bici ou outras formas de calmado do tráfico, como as plataformas únicas, zonas ou vías de velocidade reducida, que favorezan un reparto máis equitativo do espazo público urbano entre todos os axentes implicados. Tentarase tamén regular medidas que fomenten incidir sobre as condutas da cidadanía na procura dunha mobilidade eficiente, segura e sostible, así como calquera outra cuestión relacionada tamén coa circulación que priorice medidas de eficiencia enerxética e redución de emisións respecto do tráfico rodado.

Transportes

Inclusión de medidas que favorezan o uso de medios de transporte non motorizados na cidade, con especial relevancia ao fomento do transporte público fronte ao automóbil privado, e dentro deste dos considerados emisións cero, peón e ciclista, sen esquecer outros transportes alternativos de enerxías renovables.

Outro tema a incluír e que ten moita repercusión na sociedade actual, é a regulación dos vehículos de mobilidade persoal (VMP), de xeito que se poida completar a súa regulación consonte coa normativa que aprobe neste eido a DXT e ademais tomando como punto de partida a Instrución aprobada por este concello sobre a regulación deste tipo de vehículos.

Contemplanse tamén a regulación dos sistemas de vehículos compartidos, a súa especial transcendencia como modo de transporte alternativo e a redución nas emisións que implica o seu uso común por parte dos viaxeiros habituais.

Por último, realizarase unha revisión da normativa de autorizacións de transportes públicos ou privados especiais (taxi, bus escolar, bus turístico) para adaptala á normativa básica estatal ou autonómica e introducir as consideracións técnicas ou administrativas que favorezan a concesión de licenzas ou autorizacións e a súa transmisión ou calquera incidencia respecto delas.



Estacionamento nas vías públicas

Neste caso tentarase dar un novo contido á regulación do aparcamento nas vías públicas, coa introdución de novos mecanismos que favorezan o aproveitamento das prazas de aparcamento entre os distintos usuarios, a ampliación do perímetro da zona de aparcamento regulado, aplicación das novas tecnoloxías para a xestión desta regulación por parte dos usuarios (sobre todo en relación ao pagamento das taxas e ás diferentes posibilidades temporais de uso das prazas, incluídos sectores ou grupos de usuarios concretos respecto de medidas concretas.

Subvencións e axudas á mobilidade sostible

Introducir medidas para acadar unha coherencia do sistema de axudas e subvencións en materia de mobilidade que outorgue o concello coas que establecen outras administracións públicas, tentando aumentar a súa eficacia e o posible número de destinatarios finais.

Os obxectivos destas axudas e subvencións outorgadas en materia de mobilidade deberán estar aliñados cos retos actuais en relación coa mellora da calidade do aire, impulsar os modos de transporte alternativos e máis sostibles ou perseguir o aumento da eficiencia enerxética dos proxectos beneficiarios.

Regulación para o fomento da mobilidade sostible

Introducir medidas para avanzar no fomento da sostibilidade do transporte e da mobilidade desde unha triple perspectiva: social, económica e medioambiental, e establecendo medidas para fomentar unha mobilidade inclusiva para todos os colectivos en toda a cidade, todo isto tentando aplicar o principio de transición xusta para que ningún colectivo quede atrás.

Distribución urbana final de mercancías (última milla)

Introducir e fomentar o establecemento de modos de distribución urbana final de mercancías máis sostibles con criterios que impulsen un sistema común e homoxéneo, eliminen barreiras xeográficas ou administrativas e acaden a interoperabilidade nun ámbito fundamental da mobilidade como é a distribución de proximidade.

Instrumentos para a gobernanza e participación pública na mobilidade

O carácter transversal da mobilidade e das diferentes administracións que ostentan competencias sobre ela, fan necesario o establecemento dunha estrutura de gobernanza baixo os principios de colaboración, cooperación e coordinación, que este concello ten recollidos na súa regulación sobre os modos de participación cidadá na xestión municipal.

Tentarase buscar sistemas específicos de participación pública que garanten o seguimento dos obxectivos que se establezan e promovan a coherencia nas actuacións levadas a cabo neste eido tan importante para a cidade, e coa participación de todos os actores implicados.

POSIBLES SOLUCIÓNS ALTERNATIVAS, REGULATORIAS E NON REGULATORIAS



Todas estas cuestións expostas deben ser reguladas mediante unha disposición regulamentaria municipal con rango de Ordenanza ou Regulamento, porque teñen como destinataria a unha pluralidade indeterminada de persoas, son susceptibles de posteriores e sucesivas aplicacións, e moitas delas supoñen unha innovación no ordenamento xurídico.

Por isto, non se contemplan medidas non regulatorias que poidan acadar o cumprimento dos obxectivos perseguidos na norma proposta.